

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E EMPRESAS (PEMES) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN DIRECTAMENTE VINCULADO CO COVID-19, AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO REGULAMENTO (UE) 1407/2013 DA COMISIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2013 RELATIVO A APLICACIÓN DOS ARTIGOS 107 E 108 do TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNION EUROPEA AS AXUDAS DE MINIMIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Ante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 cómpre reforzar a investigación o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, a través do investimento de fondos públicos mediante axudas destinadas a cubrir o investimento en produtos e servizos necesarios para fomentar as capacidades de resposta á crise nos servizos de atención sanitaria.

A Axencia Galega de Innovación, GAIN, neste contexto de emerxencia sanitaria, publicou na súa páxina web o día 20 de marzo de 2020 unha chamada para identificar as capacidades do Sistema Galego de Innovación na loita contra o novo coronavirus. Recibíronse mais de 170 propostas para as que GAIN procedeu a realizar unha selección previa e aqueles proxectos que se consideraron mais axustados ao chamamento realizado, foron sometidos a avaliación por parte de axentes especializados externos ao sistema galego de I+D+i.

Que o instrumento convencional tipo ten por obxecto:

Establecer as bases reguladoras das axudas que GAIN concedeu ás empresas que lideran os proxectos seleccionados directamente vinculados ca COVID-19.

Para apoiar estes proxectos no contexto actual foi preciso garantir a necesaria axilidade nos procedementos de concesión de axudas, polo que se considerou procedente o procedemento de concesión directa mediante convenios que se subscribiron coas entidades seleccionadas.

Coa finalidade de non ter que realizar a tramitación individual de cada un dos convenios e tendo en conta que as cláusulas dos mesmos serían similares, variando unicamente ademais do beneficiario as activida-



des do proxecto a financiar así como o seu custo, considerouse oportuno elaborar un modelo tipo de convenio que se asinou con cada unha das empresas beneficiarias.

Estes convenios tramitaranse ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* e é complementario dos outros convenios tipo tramitados ao abeiro do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014) de modo que o seu conxunto constitúe un programa de apoio ás nosas pemes para o desenvolvemento destes proxectos estratéxicos coas máximas intensidades de axudas que permite o marco comunitario dependendo das condicións das empresas beneficiarias.

Os convenios e importes dos proxectos financiados por GAIN con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.770.0, código de proxecto 2016.05, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020 foron os seguintes:

Beneficiario	Título de proxecto	Importe da axuda 2020
Bionix Supplychain Technologies S.L.U.	FREESTERRA-I respirador de baixo custo industrializable a escala	139.636,50 €
Creativigo Consultores de Innovación S.L.U.	OARO ACCESS. Sistema de control de accesos con verificación de temperatura	123.500,00 €
Fentotek, S.L.	Desenvolvemento de ventilador invasivo avanzado con control de impulsión lineal	67.550,00 €
Técnicas de Soft S.A.	Respirador - Proxecto de Resucitador Automático baseado en equipo Ambu reutilizable (RAR)	81.100,22 €

As subvencións concedidas serán incompatibles con outras axudas ou subvencións.

Que as achegas de GAIN no marco do presente convenio están destinadas ao financiamento de aqueles gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar